

Saldóira

n.º 4

LETRAS

GA



LE

GAS

Equipo de normalización
Curso 2004-2005
IES Martaguisela

DEIXÉMONOS DE LERIAS: NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA XA

O artigo quinto do Estatuto de Autonomía de Galicia (1981) sinala que "a lingua propia de Galicia é o galego". Se observámo-la situación lingüística no noso Centro e no contexto no que se sitúa (Vila do Barco e arredores) vemos que non se cumpre, nin de lonxe, o afirmado no Estatuto.

Asegura o mestre galeguista que se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma. E quizais sexa aquí onde radique parte do noso problema lingüístico. Algúns galegos, no fondo non están demasiado orgullosos de selo. Xa lles gustaría, por exemplo que puxese no seu carné de identidade "nado en Madrid".

Celso Emilio en Longa noite de pedra falaba de "patufos desleigados / pequenos mequetrefes sen raíces". Nós sen caer no insulto e co maior dos respectos, doémonos da actitude de parte dos galegos para co seu idioma.

Cando nun territorio conviven dunha maneira desequilibrada (non poden facelo doutra forma) dúas linguas e hai unha loita entre elas por conseguir falantes prodúcese o chamado conflito lingüístico. Como sinalan os entendidos, ante o conflito lingüístico caben dúas posturas: por un lado, témo-la postura da xente de que falabamos antes, os que renuncian dunha maneira vergonzosa á súa propia lingua e se pasan á lingua dominante. Por outro lado, temos os que loitan, a pesar das adversidades, pola súa lingua utilizándoa en todo momento. Sería a chamada actitude de lealdade lingüística.

Dicía Castelao, en Sempre en Galiza, que "un pobo sometido á loita de dous idiomas acaba por non saber expresar o que sente".

Nós, desde aquí, chamamos á reflexión sobre a situación lingüística no Centro e no seu contexto e que cada un mire qué actitude das sinaladas é a que mantén.

CASTELAO E CERVANTES

Neste ano cheo de merecidas celebracións arredor de Cervantes e El Quijote (xa nos gustaría, por certo, que as nosas autoridades puxesen o mesmo interese por honrar os escritores galegos) traemos aquí unhas palabras de Castelao, en Sempre en Galiza sobre o autor castelán e a súa obra homenaxeada. Sinala Castelao:

"A nosa demanda de respecto para o idioma galego está recoñecida como xusta polo príncipe das Letras Castelás, pois ben se ve no diálogo de Don Quixote co cabaleiro do gabán verde: "...Homero no escribió en latín, porque era griego; ni Virgilio no escribió en griego, porque era latino. En resolución todos los poetas antiguos escribieron en la lengua que mamaron en la leche, y no fueron a buscar las extranjeras para declarar la alteza de sus conceptos; y siendo así, razón sería se extendiese esta costumbre por todas las naciones" (os clásicos casteláns sempre chamaron "nacións" aos pobos diferenciados da nosa Península; é dicir, ás Hespañas), "y que no se desestimase al poeta alemán porque escribe en su lengua, ni al castellano, ni aun al vizcaino que escribe en la suya". Cervantes defende por igual, o cultivo literario das linguas romances de Hespaña e até o "éuscaro" porque para el o xenio non ten mellor vehículo que o da "lingua que se mama no leite". E velaí un testemuño de inconmensurable razón á beira dos mingoados xuízos que agora emite calquera literatoide de café en contra da renacencia de Galiza e Cataluña".

Ata aquí as palabras de Castelao sobre El Quijote. Pola nosa parte, nada que engadir.

(Equipo de Normalización Lingüística)

ENTREVISTA A CAMILO VALDEHORRAS

Por Noelia López Rocha



Aínda que nos sorprenda, nas nosas terras valdeorresas, tamén se cultivan escritores. Camilo Fernández González, máis coñecido como Camilo Valdehorras, naceu na rúa San Roque en 1959. Dende 1980 reside en Barcelona, pero considérase valdeorrés non só de nacemento senón de carácter. Á parte da súa faceta como escritor, é profesor de filoloxía Galega e Portuguesa, na universidade de Barcelona. Realizou e realiza outros moitos traballos: traducións e elaboración de dicionarios, publicación de enciclopedias e libros de texto, escribe e dirixe traballos de investigación, poesía e dramaturxia, dirixe varios grupos de teatro, etcétera.

A continuación transcribimos a interesante (polas súas respostas) entrevista que amablemente nos concedeu, na cal puxo moito do seu agarimo, porque a súa alma segue arraigada a estas nosas terras.

1) ¿Mantén algunha relación con O Barco de Valdeorras?

R. O meu vínculo é sentimental e afectivo, ou sexa, o máis libre, fondo e perdurable. Estea onde estea, síntome "gegurro" (xa falaremos noutra ocasión que é iso de "ser geguro", asunto entrambilicado). No Barco nacín (na rúa de San Roque, 29) e aí vivín feliz ata os dous anos: nesa idade din os neurobiólogos que xa está formado o carácter. Polo tanto, son valdeorrés non só de nacemento senón tamén "de carácter". Logo pasei moitos veráns e visitei en moitas ocasións a casa dos meus avós en Viloira, as dos meus curmáns e primos e a dos teus bisavós, benqueridos tía Luísa e tío Luchana. Gústame ir polo tempo da vendima ou das castañas. E viaxar polas aldeas, os altos e as veiguiñas, dende Trevinca ata Cigarrosa. Nunha ocasión hai uns anos, fun convidado oficial do Concello co gallo de facer o pregón inaugural das festas do Cristo. Prometín voltar.

Pracerame facelo canda a presentación dalgún libro ou, por exemplo, para dar algunha conferencia ou recital de poesía no Instituto de Bacharelato ou no Instituto de Estudos Valdeorreses. ¡Seguro que haberá ocasión! Claro que cando vou por aí, outro dos meus lugares de cita gustosa é catar un godello na bodega dos teus avós, Suso e Luisita, proba-la bica na casa dalgún parente e, se é o tempo, venerar a Reuana Baraeco, a nosa deusa celta tutelar dos gandos, coa ofrenda dun cabritiño asado "con leiturga" claro. Como ves, creo que non manteño moi malas relacións coa nosa terra ¿non si?

2) ¿Por que o pseudónimo de "Camilo Valdehorras"?

R Malia non ser o meu nome civil, xa non o considero "pseudónimo", senón -como diría un escritor portugués que se chamou Fernando Pessoa- un meu "heterónimo": ou sexa, outro dos meus nomes, o máis público (de feito, é o nome polo que a maioría me coñece). Trátase da miña firma literaria que, como dirían os da Cooperativa vitivinícola "Xesús Nazareno", é "a marca" da "denominación de orixe". Eufónica e emblemática. Comeceina a usar ós dezasete anos, cando entendín que "in nomina numina" (como din os clásicos): ou sexa que ser poeta, ser escritor, é un oficio de "inventor" que comeza pala esixencia de "inventar" a rúbrica da propia identidade. Xa que logo, é o nome como escritor, valdeorrés e galego, que me identifica coa miña xente e terra natal. Porque, como di o outro, todo froito está contido na semente. Ah, e un pequeno-gran detalle: adoito escribir Valdehorras (sic) co h intercalado. Dirás ti ¡que rareza! En realidade esa é a forma habitual en que aparece escrito -tradicionalmente- o topónimo nos vellos diplomas, e fágoo porque me gusta a distinción da tradición enxebre.

3) ¿Que fai vostede agora en Barcelona? ¿A que se dedica?

R Exerzo dende 1986 de profesor de Filoloxías galega e portuguesa na Universidade de Barcelona. Dou clases de lingua, de literatura e de Cultura galegas. E escribo e dirixo traballos de investigación e de crítica, artigos, ensaios. Traduzo, elaboro dicionarios, publico enciclopedias e libros de texto, dou conferencias (case todo iso con Galicia como obxecto de estudio). Vou ó teatro, a concertos, viaxo, participo en actos culturais da comunidade galega, canto nun coro, ando en bicicleta... E entremedias, escribo algo de literatura. Sobre todo poesía e dramaturxia (que che son o mesmo en dúas palabras). Como ves, tento de non perder moito o tempo, que é o único que un ten verdadeiramente de seu.

4) ¿Poderíanos facer un breve resumo das súas obras literarias?

R. Obra literaria teño pouca publicada en libro. Anda esparexida en revistas, xornais, folletos, antoloxías, etc, sen máis valor có sentimental. Por iso, a cambio de non meterme na complicada resposta que me pides, envíoches un curriculum abreviado do meu quefacer intelectual e literario, por se tes curiosidade de lelo. As obras literarias sonche tan malas de ler como malas de resumir.

5) ¿Cal é a súa favorita? ¿A cal lle ten máis aprezo?

R. A vindeira que publicarei (non é broma). Polo de agora, aínda que a todas as estimo moito, ningunha é da miña especial predilección; seguro que, Deus mediante, aínda farei algunha que mereza a pena...

6) ¿Ten pensado en posteriores publicacións? ¿Por que motivo non segue a súa carreira como escritor?

R. En realidade, dende que publiquei poesía por primeira vez ós dazasete anos, xa vai para trinta (no Progreso de Lugo, en maio de 1975), non deixei ningún ano de escribir. Nese sentido, continúo a miña "carreira" como escritor, en solitario, de modo máis ben silandeiro e á marxe. Pero é certo que, nos últimos 15 anos, a miña especial adicación ó traballo profesional universitario xustificoume o aprazamento de publicar moito do

escrito nesta andaina. Doutra banda, un escritor nunca debe ter présa en dar ó prelo o que escribe (pensa que cada libro que se edita supón a desfeita dunha chea de árbores). Necesita formarse o máis ampla e tecnicamente posible (vivindo, lendo, observando, pensando, tomando notas...) para que no momento de publicar as súas obras posúan o valor do que son merecentes os lectores esixentes (e pague a pena, claro, a tala das árbores que cada libro empapela).

Eu do que si che estou moi contento é da miña "carreira como lector", que malo será que non inflúa en que o que publique, cando conveña, sexa un chisquiño máis valioso.

Bueno, para compracerte, velaí un poemíña con algo da miña autopoética:

DO CANCIONEIRO DE POCKORNY

Escribo dende o cuco do cuco que

chama por min dende

o cu do curuto de maio.

O cuco é o maio do bosque nas terras de Ossian.

A liberdade dorme nalgures do bosque,

a Liberdade.

O meu país tamén.

7) Vostede é amante do teatro e participou como actor e director en diversos espectáculos teatrais aínda que fundamentalmente é coñecido como autor. ¿Non lle gustou a experiencia, polo que decidiu principalmente adicarse a escribir?

R. O Teatro interesoume e interésame sempre, dende tódolos seus oficios e ángulos. Éche un espello luído da vida. Vou ó teatro case cada semana. E interésame particularmente o progreso creador do Teatro galego (que coído que non furrula como debese, pero tempo ó tempo). Na miña vida fundei e dirixín varios grupos de teatro, fixen de actor, de rapsoda, de director, de dramaturgo e realicei estudos especializados no Institut del Teatre de Barcelona. En Barcelona fundei e dirixo o meu propio grupo de teatro universitario, que se chama AUGATEBA co que, dende hai dez anos, realizo todo tipo de roles na creación escénica. Por suposto, principalmente o de dramaturgo-autor, que é o que máis me presta. Envíoches para a túa distracción, en arquivo adxunto, un PDF no que se ofrece unha historia sintética deste grupo e as montaxes que leva realizado.

8) En 1977 obtivo o Premio Abrente por "Progreso e Andrómene de Antroido". ¿Foi esperado este premio?

R. Esperado, pouco, e desexado, moito: porque daquela era un dos premios máis prestixiosos das nosas letras. Gañeino cando tiña dazaoito anos e eso dotouno de particular emoción para min, claro. Pero xa non me acordo nin en que gastei os cartos que me deron. O que máis me gustou foi asistir, por aqueles anos setenta, ás estreas de partes da obra gañadora: en Sabadell, en Arnoia e en Ribadavia. De poñerse hoxe en escena o P.A.A., habería que prescindir dalgúns cachos e reaxustar outros. A estrutura, con todo, coído que segue valente.

9) Sei que vostede dedicou a tódolos valdeorreses un exemplar de Progreso e Andrómene de Antroido. ¿Por qué motivo?

R. ¿Quizais por aquilo de que un sabe que ninguén é "poeta na súa terra"? Un escritor, ó modo en que eu o entendo, é un ser moi afortunado porque suscita o interese das

demais persoas ó redor do seu imaxinario e da súa linguaxe. Se este escritor se sabe lido e estimado polos seus concidadáns, conscientes da riqueza que posúen a propia lingua e cultura, entón a súa gratitude e felicidade son completas. De aí que sempre quixen que os meus libros estivesen ó achego dos meus concidadáns, en especial dos barquenses e valdeorreses. Polo menos nas bibliotecas públicas das vilas da comarca. Doutra banda, se ben a lectura das obras é, sen dúbida, a maior gratificación que o escritor pode obter, cada libro dun escritor é -antes de máis nada- un tributo de homenaxe á xente da súa xinea, e á Terra natal que lle deu o don da fala, o sentimento da paisaxe, etc.

10) ¿Que opina da situación da lingua galega?

R ¡Ui! Éche, exactamente, a mesmiña situación da sociedade galega. Verás (e perdoa que me alongue máis da conta). Nisto como en todo, sonche un realista esperanzado, porque creo que non hai rato que o ferro fure nin mal que moito tempo dure. Xa que logo, e teño fe en que as novas xeracións -como a da que ti fas parte- se sinta orgullosa e plena no uso do idioma: como lingua cotiá, de cultura, de vida en toda parte e circunstancia. Niso se cifra a confianza: nunha concepción práctica da lingua asumida polas novas xeracións que queremos ser plenamente "galegas" (e non "medio galegas"), de modo consciente e espontáneo, como feito normal de vida. Canto máis os galegos nos respectemos a nós mesmos, canto máis amor propio sintamos polo noso e máis a fondo nos queiramos coñecer, non só mellor lle irá ó noso idioma nacional, senón que máis respectados seremos polos outros pobos, máis nos considerarán e nos quixerán coñecer os demais.

Ora que se o galego só se concibe como "unha fala de andar pola casa", unha fala para "andar de carallada", a fala dunha economía que non tira, a fala da "politiquería autonómica", a fala dunha "tevegá de terceira"; ou a fala dunha "asignatura" que non fai falta estudar porque ben abonda co que xa se sabe, etc, entón -para quen así pense- o idioma galego seguirase a degradar nun "seudodialecto" do español, decote máis estragado, pobre e marxinado.

Somos cada día máis os que sentimos e sabemos que o galego non só é un excelente vehículo de comunicación social e cultural (o noso). Senón que é tamén o maior símbolo da nosa nacionalidade e universalidade. ¿É iso que esixe? Interese por coñecelo, por estudialo, por usalo, por lelo, por mellora-la expresión, por corrixilos erros, por descastelanizalo. En suma, por vivilo sen complexos, facendo del unha lingua útil e insustituíble en tódalas funcións da vida (dende a discoteca ó caixeiro automático e dende o etiquetado dos produtos do supermercado ó cine). ¿Estase a facer -estamos a facer- o que é debido para lograr iso? Ben sabemos que falta moito por andar. Pero andarase.

Outramente, non convén esquecer que a lingua natural e primeira dos galegos é unha das máis ricas e antigas de Europa ¡e unha das máis faladas hoxe no mundo! (como lingua matriz do galego portugués e codialecto do Portugués, o galego fai parte da 5ª lingua mundial en número de usuarios). Por iso penso que, para afirmar o galego non debiamos virarnos de costas ó portugués. Nin tampouco renunciar ó español, que leva seis séculos como lingua de cultura de Galicia. Hai que establecer unha nova xerarquización funcional entre estas tres linguas "de Galicia", na que o galego se resitúe como o idioma central de referencia. No mundo do século XXI os pobos máis cultos son e serán os políglotas. Pero non che hai políglotía nin multilingüismo sen base no amor, no coidado e no respecto pola propia lingua nacional. Que che conte túa nai o ben que entenden este asunto os suízos, por exemplo. Se algo así acadamos os galegos,

esvaeceanse boa parte dos actuais laios e meigallos (¡tantos como os que neste momento nos amolan!).

Namentres, adoito darlle a razón ós máis sensibles e esixentes: os que reclaman máis cultura, máis democracia, máis progreso, máis liberdade... E tamén máis recursos para a promoción dos nosos valores (populares e nacionais), o idioma por diante. Coido que poñen o dedo na chaga e atinan cando apuntan contra dos responsables do desdeseio institucional, da indiferencia social, do desapego educativo e da carallada mediática... Que non é que non queiran a Galicia e ó galego: o malo é que parece que non aman máis có poder e os cartos. Coido, non obstante, que se vai pouco e pouco superando o triste menosprezo que aínda moitos "pobriños de espírito" padecen. Porque, probablemente, como dicía o Castelao, falar galego é unha necesidade "que non se sente no bandullo" e ninguén lles soubo explicar que é o máis valioso patrimonio colectivo que posuímos.


Abondaría, Noelia, con decatarse disto que ti xa sabes: de que o galego é a alma do noso ser social: e, polo tanto, O GALEGO É E SERÁ O QUE NÓS SEXAMOS, como persoas e como sociedade. Querida Noelia, remato, que xa vai moi longo. E fágoo co retrouso (en galego enxebre) que seica ti, de nena, tan simpaticamente, lle dicías á túa avoa Luísa cando se che poñía rallante: "¡morreu o conto!". Un bico.



XOSÉ MARÍA, POETA DE VIANA DO BOLO

No ano 1954, no lugar de Ábedes, concello de Verín, veu ó mundo Xosé María García Vaamonde. En 1996, en compañía dos seus pais, emigra a Xenebra, Suíza, onde permanece catorce anos estudando nos colexios clásicos e na universidade. En 1980, retorna a Santiago de Compostela para finalizar a licenciatura de Filoloxía Francesa. Dende o curso 1984-1985 exerce como profesor de ensino secundario. Na actualidade traballa como profesor-bibliotecario no IES Carlos Casares de Viana do Bolo.

Ata aquí unha serie de datos asépticos dunha biografía que pode parecer dunha persoa calquera, pero non é o caso, Xosé María García Vaamonde é moito máis ca iso: é unha mente privilexiada e un espírito demasiado sensible para poder soportar impasiblemente as tribulacións desta vida. Amante dos libros, da lectura e da cultura en xeral, é, ademais, un home comprometido con Galiza e coa súa cultura. Para nós é unha honra traer a estas páxinas os versos deste home bo, que na actualidade xa exerce como un vianés máis.



POEMA XUVENIL

Cando era neno
e chovía,
na porta da casa,
púñame a mirar
os rondeis da auga.

Xosé María García
(Xenebra, 1978)

Xa de volta para Galicia,
agora despois de tanto tempo,
quixera na mirada ter esperanza,
no meu corazón ter algún alento.

Condenado alá mentres estiven,
gastando sen gañar diñeiro,
erraba por rúas e camiños,
perdido e canso do estranxeiro.

Non podía sosegar nin quedar quedo
nin quedar simplemente en silencio.

Xosé María García
(Santiago de Compostela, 1981)

Galicia, nai das esperanzas
que todos levamos connosco.

Galicia, ledo porto na paisaxe,
verdade física do corpo.

Galicia, moza nova garimosa
con luz nosa no rostro.

Galicia, vencello de vida,
participo noso co pobo.

Galicia unha historia por cumprir,
traballo de nós todos.

Xosé María García
(Santiago de Compostela, 1982)

FEIRA SEN XENTE

(DUN POETA GALEGO)

¿El verase un día
a Terra nosa
próspera, bendita e comprendida?
Ogallá lle argallen os fados olorosa
rosa da tal ledicia
para a colectiva vida.
¿Chegará ese día un día?
¿Haberá nome cheo de tal fartura?
¿Cofiecerán os galegos a medida da propia Terra,
festa honrosa?
Agardemos por tempos mellorados;
esperémoslos labrando esperanzados:
froito dará a labor improba
ós que traballan con forza sempre nova.

Xosé María García
(Allariz, primavera de 1987)

ENTREVISTA A MARIANA YONUSG BLANCO, EDUCADORA SOCIAL E FEMINISTA VENEZOLANA.

MARIANA YONUSG visitou España o pasado mes de marzo para impartir charlas sobre a situación no seu país e manter coloquios con colectivos de Educación Popular.

Participou no movemento estudiantil venezolano na década dos sesenta. A partir de 1979 traballa doce anos en Nicaragua con cooperativas de mulleres campesiñas, traballo que hoxe continúa no seu país dende hai 15 anos. Ten unha ampla experiencia como loitadora do movemento popular de mulleres de América Latina. Invitada pola O.N.G. Sildoura, tamén pasou polo Barco e deu unha charla na Biblioteca Pública.

¿Como foi a túa infancia e o teu inicio e desenvolvemento nos movementos estudiantís, na revolución, etc.?

Eu nacín un ano despois do comezo da ditadura de Pérez Jiménez e crecín baixo esa ditadura. Estudei Maxisterio e logo inicieime nas loitas universitarias nos anos 70, cando se dá en Venezuela o Maio Francés, unha revolución estudiantil mundial na que estudantes, sindicalistas e mais obreiros xuntáronse en contra de Degaulle, quen gobernaba Francia. Este movemento puxo unha ideoloxía nos xornais (caracterizada polas consignas como *Prohibido prohibir* ou *Paren o mundo que eu me baixo*). Ó Maio Francés únese a morte do Ché, ídolo e exemplo da época. A partir de entón comeza o movemento estudiantil, que ademais estivo influenciado polos estudantes anarquistas españois.

Vincúlome á solidariedade no 77 e no 78 voume a Nicaragua –ditadura de Somoza– á guerrilla; alí estaba o Frente Sandinista de Liberación Nacional, que participou nunha loita popular por derrotar a Somoza que durou dous anos completos e úneme a eles. Moitas veces fun derrotada e a xente íase á montaña a loitar convencida de que a ese home había que sacalo. O 19 de xullo de 1979 o pobo triunfou e iniciouse unha revolución ata 1990.

Quédome catorce anos en Nicaragua e teño dous fillos; alí especialízome practicamente, academicamente e xunto ó pobo en Educación Popular. Posteriormente volvo a Venezuela e dáse o golpe de estado por Hugo Chávez. Méteno preso, sae absolto e triúnfase en Venezuela. Entón métome noutra revolución, unha revolución ameazada polo imperialismo. Pasei toda a vida en gobernos apoiados polo imperialismo; gobernos ós que non lles debo nada excepto loita e opresión. Considérome afortunada de participar en dúas revolucións.

Ó longo da túa vida tamén estiveches traballando con mulleres, ¿poderías describir este traballo?

Na miña vida hai un período de sensibilización cara o que é un período de dedicación á muller que nace da miña nai e as súas amigas, mulleres que non saían

dos estereotipos (sufriran moito por iso) e que eran un grupo moi solidario. Entón comecei a facer militancia –sinto que a miña militancia era para un mundo mellor- pero para os homes só había mulleres militantes de segunda: a muller non é a que coordina, é a que prepara o café. O proxecto revolucionario non vía a especificidade da muller. Para min, esa situación faise máis evidente cando me meto na guerrilla en Nicaragua e ganamos: as mulleres combateran moi ben, loitaran, morreran... eu estaba entre elas. Despois desta revolución era como si “O.k., moitas grazas, volvan para as súas casas ou recollan fondos para calquera cousa”

No 84, un grupo de mulleres xuntáronse porque non se vían representadas na revolución e fundamos o Movemento de Mulleres Nicaragüenses. Comezamos a formular reivindicacións específicas das mulleres propias da revolución; por exemplo un parto humano, no que as mulleres fomos as protagonistas (un home, médico, dicíache como parir cando non era el o que ía parir), entón pedimos o parto na casa, preparación para o parto. Tamén propuxemos atención ós nosos problemas de saúde máis serios como mortes por aborto provocado, cancro cervicouterino,... unha lei contra a violencia cara a muller, educación, en teoría, de xénero.

No ano 92 voume e volvo a Venezuela xa que perdemos as eleccións no 90 e sentíame moi mal. Alí promovemos cousas para a organización das mulleres, fundamos dúas O.N.G's de mulleres: Comuna e Musa. Musa elabora un proxecto e proponllo á revolución: refuxio para mulleres vítimas da violencia. Actualmente traballo nesas O.N.G's. Promovemos este movemento aínda que non está no seu mellor momento. Dicimos que agora non hai movementos de mulleres, senón mulleres en movemento. Elas metéronse en tódalas tarefas da revolución, pero non están organizadas para defender as súas reivindicacións específicas, están na rúa en tanto que o pobo, mais non en tanto que mulleres.

¿Como é a situación que vive hoxe Venezuela?

Está nunha revolución en proceso, en desenvolvemento, está nunha etapa de profundización. Un deses puntos máis complexos é a definición de poder popular. É tamén unha revolución ameazada polo imperialismo (creo que teño un karma contra o imperialismo) porque somos unha das primeiras reservas mundiais de petróleo e gas. Tamén temos reservas de auga, que lle interesa ó imperio, e os americanos son o primeiro consumidor de enerxía de todo o planeta.

¿E que situación vive a muller en Venezuela?


A situación da muller latinoamericana non difire moito da venezolana. A discriminación, a subordinación da muller está intacta, no meu país e en Latinoamérica. Por iso é importante que as mulleres se organicen e que se estructuren as regras patriarcais do goberno, pois non só está feito para os homes.

María Mascuñana Mejuto

ENTREVISTA A PAULA CARBALLEIRA

Por Breogán Sousa Rodrigues

Entrevistamos a Paula Carballeira, unha contacontos e escritora que ademais de facer actuacións na TVG, na primeira avaliación estivo no instituto:



Paula Carballeira nunha actuación no noso instituto

¿Que foi o que te motivou a exercer de contacontos?

-Pois ben, eu antes de ser contacontos xa facía algo de teatro, actividade que contrastaba coa escritura; de maneira que desía unión, teatro + libros, apareceu a miña faceta de contacontos.

¿Cal é para ti a importancia da literatura oral?

-Obviamente eu creo que é moi importante, que me vas dicir a min, ¿non?, porque a literatura oral é a orixe de moitos estilos de arte e tamén unha maneira de manter as tradicións, pois non esquezamos que ó sistema "boca a boca" debémoslle a posesión dos mellores contos da cultura galega.

¿Cal é o proceso de elaboración dun conto?

-Home, non é fácil, porque o primeiro de todo é atopalo. Logo diso ten que ir medrando: ten que ir contigo, que vaia coma a túa maneira de ser, de pensar e actuar, e claro, logo ten que gustarlle ó público, claro.

¿Como ves o teu traballo?

-A min persoalmente gústame (risas)...Viexas moito, coñeces xente, contas contos (como non), comunicaste...en resumo para min é un traballo gratificante.

¿Como foron os teus inicios como contacontos?

-Sempre é complicado comezar, porque tes o temor de non gustarlle á xente, e tes que seguir loitando, probando cousas novas, experimentar, e tentar abirte paso polo mundo para finalmente conseguir chegar onde queres, sempre con esforzo.

LORENZO VARELA, LETRAS GALEGAS 2005

Como todo o mundo a estas alturas sabe, o Día das Letras Galegas de 2005 está dedicado ó poeta Xesús Lorenzo Varela Vázquez.

A Guerra Civil que se iniciou en 1936 supuxo unha creba histórica e cultural en Galicia. A partir de entón, a cultura galega comeza a xa famosa "longa noite de pedra". Unha gran parte dos intelectuais galegos víronse forzados a exiliarse por causa da represión iniciada no 36. Deste xeito, o núcleo da actividade cultural e literaria galega pasaría a establecerse en América, especialmente en cidades como México, Montevideo e Bos Aires. En Bos Aires van coincidir unha serie de intelectuais exiliados (Castelao, Lorenzo Varela, Rafael Dieste ou Luís Seoane) con outros xa establecidos alí antes de 1936 (Blanco Amor, Emilio Pita, Avelino Díaz ou Rodolfo Prada). Eles foron os continuadores do intenso labor de recuperación e afirmación cultural levado a cabo en Galicia nos primeiros 30 anos do século XX. Entre o labor dos exiliados podemos salientala creación de revistas, boletíns, coleccións de poesía, editoriais, grupos de teatro e outras actividades sempre relacionadas coa cultura galega. O que os exiliados fixeron constitúe un dos capítulos máis sobranceiros de amor á terra e de loita por manter acesa a chama da galegitude.

No contexto anterior é no que debemos situar a Lorenzo Varela. Fillo de emigrantes galegos, naturais


das terras de Monterroso, naceu na Habana en 1917. Sendo moi novo trasladouse coa súa nai a Galicia, estudando en Lugo e máis tarde en Madrid (Filosofía e Letras). Ó remata-la guerra civil exiliase en México, sendo un dos redactores da revista "Romance" ata que Octavio Paz o incorpora á redacción da súa revista "Taller". Marcha despois a Buenos Aires e inicia a súa produción poética galega. Volve a Galicia en maio de 1976 e afínase en Madrid, onde morre en 1978.

Con relación á obra poética de Lorenzo Varela, témoslos seguintes títulos:

- Catro poemas para catro gravados (1944). Os gravados eran dun álbum de Luís Seoane, ós que se engadiron os poemas de Lorenzo Varela. Nos poemas hai unha exaltación de María Pita, Roi Xordo, do bispo Adaúlfo e de María Balteira.

- Lonxe (1954). Con ilustracións de Luís Seoane, é a súa obra máis importante. É un libro dominado pola angustia do desterro, tinguido pola saudade dunha plenitude sensual e viva, nunha visión case onírica da lonxanía de Galicia.

As obras de Lorenzo enmárcanse de cheo na poesía de tipo social, que, como no caso de Luís Seoane, é un precedente da corrente poética amplamente difundida en Galicia polos anos 60, a partir da publicación de Longa noite de pedra (1962) de Celso Emilio Ferreiro.



Compañeiros da miña xeración mortos ou asasinados

¡Tan doce era a xuntanza miña e vos,
de todos nós co mundo!
Faciamos un feixe de campos e de estrelas,
e ó pisar ese chan que latexaba
sentiamos subir polo sangue o misterio.
O noso corpo era o camiño da maxia,
a escada pola que viña a lúa,
o zume de tódolos segredos,
a canción da herba que resucitou.
E o mesmo verme era unha folla leda,
un mensaxeiro do sagrado alén.
Morréchedes, matáronvos, deixáronme.
Quedei aquí, lonxe das vosas sombras.
E gardo, coma un morto,
no centro do silencio, da sede, da agonía,
o día que vos poida "levar á sepultura
unha cesta de pombas e mazás.
¡Tan doce era a xuntanza miña e vos,
de todos nos co mundo!
(Xesús Lorenzo Varela Vázquez. Lonxe (1954))

(Equipo de Normalización Lingüística)

ANTONIA DELL ATTE: RAÍÑA DE CORAZÓNS



Este curso tivémo-lo Salón de Actos do centro convertido nun lugar moi animado. Se te descoidabas un pouco podías atopar nel desde unha ministra socialista ata a unha modelo italiana. Escoitando a esta última estiveron dúas colaboradoras nosas que viron así á raíña de corazóns:


"Falou sobre o Conde Lequio, Ana Obregón, Javier Sardá e criticou os programas de corazón ós cales ela fora gañando cartos por contar os seus malos tratos. Non faltaron nin as súas lágrimas das que algunha xente desconfiou. As súas primeiras palabras foron tomadas con risas entre o público máis novo e en varias ocasións tivo que pedir silencio para poder continuar... o que en principio era unha conferencia para concienciarnos sobre o problema tan grande que son os malos tratos para a sociedade, acabou sendo un debate entre os "partidarios" e os "opositores" de Antonia Dell Atte".

(Esther Estoa Paradelo)

"A miña conclusión desta charla é que máis ca unha conferencia sobre os malos tratos foi unha disputa sobre se Antonia foi ou non maltratada e sobre se cobrou ou non cobrou ó contar a súa experiencia. Paréceme un tema bastante serio e preocupante como para que se enfoque desta maneira, xa que o único importante e relevante que dixo foi que hai que denunciar a primeira paliza que recibas e non esperar máis".

(Mónica Gómez Prieto)

LONDRES E AS NOSAS ANÉCDOTAS



Londres... aquel máxico lugar que me cautivou. Intentarei resumir as emocións que me transmitiu a miña estancia alí.

Todo comezou un luns pola mañá moi cedo (Anécdota: era 14 de febreiro). Dirixímonos (ó redor de 30 alumnos/as) acompañados por dúas profesoras cara o aeroporto de Barajas. Había anos que non montaba en avión e gustoume compartir esa experiencia cos meus compañeiros /as porque son acontecementos na nosa vida que non acostuman volver a suceder. A excursión de fin de curso é a excursión de fin de curso...

Chegamos ó hotel (ó Royal National) ansiosos por coñecer a cidade aínda que algo cansos da viaxe (Anécdota: de seguido saímos por Picadilly, Covent Garden...).

O seguinte día visitamos a cidade nos típicos buses turísticos ingleses de dous pisos, recorrendo tódolos puntos destacables.

Tiñamos programado un cruceiro polo Támesis (Anécdota: confundímonos de barco e subimos nun que transportaba pasaxeiros pero non con fins turísticos). Despois do noso pequeno incidente co barco gratificounos ir ó London Eye. Por se hai alguén despistado... aclaro que o London Eye é unha noria formada por varias "cápsulas de cristal" (con capacidade aproximada de 10 persoas) a través das cales se pode ver Londres dende varios ángulos. A duración do percorrido da noria é de media hora. Nós tivemos a sorte de que nos coincidiu un día despexado e ademais ó atardecer (Anécdota: un garda de seguridade prohibiunos subir no London Eye se non iamos acompañados por un adulto. E cadrou que nese intre as

mestras non estaban connosco. Pero iso si, practicamos o idioma co garda... Afortunadamente todo tivo un bo desenlace).

O día 16 visitamos o Museo de Historia Natural. Un edificio maxestuoso: non só pola súa estrutura externa, senón por todo o que contiña no seu interior. Tamén, especial mención, a cerca do British Museum que ó igual cá anterior ofrecía exposicións moi variopintas. Dirixímonos cara Hyde Park e Kensington Garden (Anécdota: as taxistas... penso que parecían pilotos de Formula 1 ou algo así porque a súa velocidade non se vía obstaculizada por nada. Incluso, en lugar de esperar a que os peóns crucen cando está en verde e a punto de pórse vermello, continuaban o seu traxecto sen reducir velocidade).

Visitamos Harrod's (Anécdota: todo o que se poida dicir acerca deses grandes almacéns paréceme pouco. Moi luxosos, moita variedade de eleccións... pero aquilo parecía un labirinto!)

Ó día seguinte asistimos ó musical: "We will rock you" cunha posta en escena moi boa, aínda que penso que había abundancia de diálogos para ser un musical.

O último día tivemos tempo libre pola mañá (Anécdota: vimos a Emilio Aragón. El e maila súa muller foron moi xentís ó deixamos sacar fotos co actor).

Dixémoslle adeus á nosa viaxe, pero os intres de lecer e mailo enriquecemento cultural nunca se nos esquecerán. (E como derradeira anécdota: a orde de todo o citado anteriormente pode estar alterada).

(Por Sandra Corcoba Doporto)

CARLOS NÚÑEZ

Por René Pérez Rodríguez



A primeira vez que Carlos soprou unha gaita ós 8 anos desmaiouse, foi nunha tenda de música de Vigo, recorda: "Fora alí co meu pai para comprala. Por dentro eu tremía da emoción, comecei a sopra-la gaita, intentaba arrincarlle unhas notas pero está moi dura. Caín redondo ó chan co esforzo. Ó volver á casa pensaba que nunca sería capaz de face-la falar. Eu soñaba con facer maravillas, por converter en música todo o que imaxinaba, ó principio sentíame derrotado. Foi un choque. Eu tiña a devoción pola gaita pero ela non me correspondía. O soño da miña vida parecía inalcanzable". A Carlos recórdano na súa terra como un neno esperto de ollos vivaces, estudoso e tranquilo, coma un anaco de pan. Só tiña dúas rarezas. Unha, non xogaba ó fútbol coma os demais nenos, pasaba o recreo solitario, tocando cos dedos un instrumento imaxinario, en realidade libraba unha pelexa decisiva. Ás veces os mestres sorprendíano na clase intentado facer soar un bolígrafo bic.

Cando lle preguntaban que ía ser de maior, sempre respondía "¡gaiteiro!". Un día identificou o que podía ser a súa maior alegría. Ocorreu cando a xente campesiña lle pediu ó pequeno Núñez que tocara outra peza. "Foi na terra natal da miña familia, en A Mezquita (Ourense), era o día da festa do pobo. Conseguiu arrincarlle 6 pezas á gaita. Ó anoitecer vinme rodeado de xente que bailaba e bailaba, e pedían máis. Estaba moi feliz".

A gaita respondía. En Santiago, Carlos sorbía un zume. Reponse dun concerto no que saíra aupado nunha mar de abrazos. Nisto solta unha confidencia: "Non tiven adolescencia, era coma un animal solitario. Agora é cando o disfruto". Aquel vigués que namorou por fin a gaita na noite festiva

dunha aldea comezaba por fin a ser recoñecido como o gaiteiro da Aldea Global.

En Irlanda, Escocia ou Bretaña era saudado coma o novo rei celta. Pero o mozo da gaita de veludo negro pasara a fronteira do folk tradicional. A gaita forrada en veludo negro tiña un saco de coiro de canguro. Conseguiu en Australia. É moi duro e flexible, a madeira é de Granadillo. É moi importante a materia. "A árbore segue viva na gaita", di Carlos, "notas os climas, a altura, a humidade. A gaita ten algo de antigo e futurista, algo de hipnótico. É un instrumento aberto, cheo de misterios. Logo ese son continuo que o sustenta todo, esa base á que sempre volves".

O seu primeiro gran salto foi en 1983, cando actuou coma solista coa Orquestra Sinfónica Bretoña, no festival de música celta de Lorient. Tiña 13 anos. Ós 16 colleu os seus aforros e marchou a un curso en Bretaña.

Unha boa noite apareceu Merlín. Simpático, miúdo e desdentado. O gran Chieftain díxolle: "veña Carlos, toca algo para o gran Paddy". O pequeno Núñez colleu a súa gaita prestada, de madeira de buxo cunha xiga irlandesa. Aquela noite, Paddy díxolle á súa muller: "¡Acabo de cofecer a un galego, un músico virtuoso, xenial!". No ano 89 en Moaña, Carlos subía por primeira vez a un escenario con The Chieftains. "Paddy presentábase como 'a boy from Galicia, Northwest of Spain'. Era fillo dun país descoñecido. Dicía que a música da gaita era moi carnal. "Cando nos despedimos, dubidei entre regalarlle unha tableta de turrón ou uns poemas de Rosalía de Castro.

- ¿E que lle regalaches?

- (Risas). Os poemas de Rosalía, traducidos ó inglés."

"A música é a miña vida privada. Para min non é unha renuncia, renuncio a ter parella. A Cambio teño cen. Son un trobador, un gaiteiro pola Aldea do mundo. Un galego errante. É unha maxia que xa tiñan os afiadores. Nunca durmían na mesma cama. Dedico a miña vida á música. Non tiven adolescencia. Téñoa agora. Sei que mentres toque estarei vivo, serei novo. É unha forma de vivir".

LIGA DE FÚTBOL

20 de abril de 2005. Outro ano máis non puido ser. O equipo de fútbol de profesores do IES Martaguisela (con reforzos internos e externos) viu frustradas as súas esperanzas por chegar á final da liga de fútbol. Os encargados de trunca-las ilusións destes veteranos xogadores foron os bos deportistas de 2º de Bacharelato A.

Estes últimos serán os que xoguen a semifinal contra os tamén bos deportistas de 4º ESO A. Que gañe o mellor e que cando xoguemos a final contra os do Lauro Olmo traíamos (dunha vez) o trofeo para o instituto.



GAÑADORES DOS CONCURSOS DA CAMPAÑA “ENTRE NÓS, EN GALEGO” NA FASE DO CENTRO:

- Jonathan Rodríguez Ferreira, Ana Lucía Real López e Noemi Pinto López, gañadores do concurso de recitado de poesía na categoría de ESO.
- Breogán Sousa Rodrigues, gañador do concurso de contacontos na categoría de ESO.
- Noa Feás Rodríguez, gañadora do concurso de relato curto na categoría de Bacharelato.

- Lucía López García, gañadora do concurso de poesía na categoría de Bacharelato.
- Laura Iglesias Bernabé, gañadora do concurso de slógans na categoría de ESO.

COPLAS DOS MAIOS 2005

(Alumnado de 1º de Bacharelato)

Xa olen as flores,
xa chegan os maios,
xa están no camiño
e cantan os paxaros.

Xa chegan os maios,
xa chega a festa;
ímonos divertir,
cantando ata a desfeita.

Aproxímase o verán,
o sol xa quente,
os paxaros cantan
e a xente está contenta.

Os maios chegan ó Barco
e tamén a Rubiá;
a calquera lugar que vaian,
sempre han de triunfar.

Xa veñen os exames,
qué lle imos facer,
tentaremos estudar,
pero non é ningún pracer.

Moi ben ensinan os profes,
exames a mogollón.
Corrixenos no bar Coruña,
ou paseando polo Malecón.

Parece que nos sobran cartos,
porque tiramos as tizas;
mais resulta que as canastras,
están todas apodrecidas.

No IES Martaguisela
ímonos abrasar
pois a calefacción
ninguén quere baixar.

Ó IES Martaguisela veu
a gran Antonia Dell Atte,
para rirse algo de nós
e mais de quen a maltrate.

Levántate maio
e ponte a berrar,
imos ó Concello
para protestar!

O alcalde do Barco
moito a vila nos mudou;
pero con tanta reforma,
sen o cine nos deixou.

Coa miña moza
fun onte ó cine;
en vez de película,
unha obra de alucine!

As beirarrúas do Barco
cheas de cagadas están,
sempre que as piso,
acórdome dalgún can.

Barquenses, recoñecédeo,
o Sil vai cheo de merda,
o que aí meta un pé
raro é que non o perda.

Os incendios asasinados
xa chegaron a Galiza,
por pouco o Teixadal
non nolo volven cinza.

Pedímoslle a Don Alfredo
que coide máis a piscina,
queremos que a súa auga
volva a ser cristalina.

A pasarela do Barco
atópase en mal estado,
a ver se o señor alcalde
se dispón a amañalo.

Nas rúas do Barco
non hai onde aparcar,
a xente non protesta,
ó final imos ter que pagar.

Os de tráfico buscan
medidas contra a velocidade,
pero só conseguen
asustar á mocidade.

A zona azul
non é bo invento,
porque o que ten coche
non anda moi contento.

O goberno de Zapatero
da reválida nos librou;
pero en contrapartida
o mes de xuño nos amolou.

O presidente Zapatero
quéixase do pouco espazo;
e quérenos meter a todos
nunha caixa de zapatos.

A ministra de vivenda
quérenos afogar,
inventa casas pequenas
para nos aloxar.

O prezo da vivenda
día tras día aumenta,
non é xusto que aleguen
que cada día hai máis renda.

Pola estatua do Caudillo
vaia lea se armou,
cando o Señor Zapatero
do cabalo o desmontou.

O amigo Zapatero
cun sorriso e talante,
sempre enchendo o peto,
leva España cara adiante.

O bo do Zapatero
está feito un pacifista,
vende as nosas armas,
para quitárnolas da vista.

Xa vai un ano de PSOE,
é un tempo importante,
necesitamos un presi
con algo máis ca talante.

Houbo ser presidente
Rajoy, o zarabeto;
se quere chegar tan alto,
que pronuncie o alfabeto.

O colega José Mari
é de cine director,
"Pásalo" é a súa peli
iso é cine, ¡si señor!

Din que este ano
imos cambiar de presidente,
a min tanto me ten,
son todos do mesmo dente.

Don Manuel Fraga
xa vai vello, o coitado,
pero a política non deixa,
o moi espabilado.

Ti o dixeches
Fraga, Fragón;
nunca puxeches
nin poñerás condón.

O presidente Fraga
unha lei quere impoñer:
quitar o preservativo
para riscos correr.

En Roma ó Papa Juan Pablo
a morte tarde lle chegou.
Moito sufrimento e rezo
e ó final o Señor encontrou.

Coa morte do Papa,
todo o mundo sufriu,
foi unha gran perda,
que o corazón nos partiu.

A xente non o asimila
todo o mundo está chorando;
o Papa deixou de vivir,
por el os fieis están rezando.

Nós sentimos moita pena
porque o home era moi bo,
aínda que moita xente
despreciaba o seu amor.

Este ano morreu o Papa,
xa me están caendo pesados;
desde agora non teño claro
que vivo num país laico.

Os cardeais reúnen-se
todos xuntos no Vaticano,
para poder proclamar
o novo Pontificado.

O noso Papa querido
xa foi enterrado,
botarémolo de menos,
outro será nomeado.

O Papa Juan Pablo II,
quedou curado de espanto,
segundo o deron por morto,
quixérono facer santo.

Juan Pablo II morreu,
foise prohibindo o condón,
a ver se o que vén
permite a precaución.

Rállanme xa co do Papa,
será bo home e demais,
pero contra a SIDA,
milagre non fixo xamais.

Carlos e Camila
querían casar;
morreu o Papa,
tiverono que aprazar.

Despois de intentalo
a máis non poder,
casaron Camila
e o Carlos galés.

O príncipe de Inglaterra,
que era o herdeiro,
casou coa súa amada,
tras ser gran guerreiro.

Carlos de Inglaterra,
príncipe de Gales,
casou con Camila,
duquesa de Cornualles.

O príncipe Carlos e Camila
por fin están casados
¡bendita sexa a hora!
levan corenta anos namorados.

Despois de tantos anos
estando namorados,
fixeron dúas vodas,
quedaron ben casados!

Morreu o Papa,
casou Carlos de Inglaterra,
qué imos facer agora,
non dá máis voltas a terra!

A min as vodas reais
impórtanme dous allos,
preocúpame máis Asia
ca eses espantallos.

A morte do Rainiero
chegou en mal momento,
xa que o Padre Santo
acaparou o evento.

O Ernesto de Hannover
ten a súa salvación en mente;
cando abandone o hospital
volverá á augardente.

Morreu Rainiero,
tamén o Papa,
casou Carlos con Camila,
xa non hai cousa guapa.

Os Príncipes de Asturias
queren ter un filliño,
mellor que teñan coidado,
vaia pais para o coitadiño!

No mundial de fórmula un
corre un piloto asturiano;
non o fai nada mal,
para non ser veterano!

O asturiano Alonso
cada día corre mellor;
así que, Schumacher...
déixalle paso ó campión!

O gran Fernando Alonso
anda primeiro no mundial;
quizais dentro dun mes,
patacas ande a sementar.

Viva, viva o Celtiña!
que case está en primeira;
con este equipo o ano que vén
gañamos o Teresa Herrera.

O Celta ascende
e o Barça gaña a liga,
veremos os do Madrid
chorando a escondidas.

O Madrid e o Barça
un partido xogaron,
como era de esperar,
os madrileños gañaron.

Grazas a Gayoso
e á televisión de Galicia
os nosos vellos
escachan coa risa.

Ó Diario de Patricia,
vai xente con problemas;
hai historias de amor
e tamén outros temas.

Ana, a dos luns,
ten moitos nenos;
e o Fernando Hidalgo
non quixo ser menos.

Nin o Piñeiro
nin a Pampín,
pola Santa Rita,
un grupo de postín!

Os touros quere deixar
o amigo Jesulín,
para máis tempo pasar
xogando ó fútbolín.

No gran incendio do Windsor
fallábame a consciencia,
ía eu como unha cuba
e vía as Fallas de Valencia.

As coplas dos maios
vanse extinguir,
os nenos están cansos
de tanto escribir.

CREACIÓN LITERARIA

“Non podes imaxinar todo o que neste momento me gustaría que a miña razón me permitise crer, pero se xa nunca fun moi relixiosa, nos momentos de crise aínda o son menos, e os últimos dez anos foron unha crise constante.

Non podes imaxinar canto sufrimos mamá e máis eu. Ao principio non parecía nada, esquecementos parvos, pero logo veu a preocupación, os médicos e xa a certeza desgarradora: o alzheimer. Se xa ten un nome complicado é aínda peor a crúa realidade: ao principio as pastillas, logo toda a vida na cama, da cama a cadeira de brazos e da cadeira de brazos á cama; as noites en vela de mamá nas que eu tampouco podía durmir, pois as paredes tornábanse fíos e case podía sentir as bágoas de mamá nas súas meixelas, cansazo..., pero nada comparado coas ausencias. Momentos nos que un fillo se torna estraño, o mellor amigo confúndese co pai, cando a casa, o fogar de toda a vida se torna cárcere e os que te queren e te coidan xente á que odia. Eses momentos nos que non hai realidade, pois o que semella real non é máis que delirio (aínda que talvez esa sexa a situación de todo o mundo), os máis, logo había outros nos que as cousas se calmaban e case podías esquecerte da enfermidade...

As cousas podían ter sido peores se mamá non estivera, o seu rostro, pese ao cansazo e a soidade, sempre estaba disposto a sorrir cando fora necesario. Non importaba canto mal lle foran as cousas, sempre estaba onde a precisaba, ao meu carón, ao igual que o estivera toda a vida, ao igual que o estiverades os dous, sempre coidando de min. Sempre souben que podía contar con vós, tanto nas crises coma nos momentos felices. “A familia sempre está aí”, pode sonar a clixé, pero é certo. A familia tamén son eu, e por iso decidín que non podía deixar que mamá cargase soa, decidín converterme nun igual, aceptar o rol que vós sempre tiverades comigo. A partir dese momento camiñamos xuntas da man, repartindo o peso, e todo foi moito máis fácil.

Nese momento decatámonos de que non estabamos soas, tiñámonos unha á outra, e tamén aos amigos, que nunca deixaron de estar aí. As cousas arranxáronse. Incluso Xonás e máis eu non reconciliamos; quedarei unha tempada con mamá para que non se sinta soa e logo iremos vivir xuntos. Estamos pensando en ter un fillo, de ser un neno chamarémoslle coma ti, Gabriel. Á mamá gustaríalle moito.

Voute botar moito de menos papá...”

Eran os pensamentos de Lea mentres se despedía por derradeira vez do seu pai. Saíu fóra, para tratar de acougar o pranto. Alí se atopou coa súa nai, ela choraba.

- Aínda que xa sabía que ía pasar, estame a doer moito.

- Non perdemos máis que un corpo, teu pai sempre estará connosco, levámolo nas nosas lembranzas, xa forma parte de nós.

Ante estas palabras Lea xa non logrou soste as bágoas e chorou, envolta no abrazo da súa nai.

Laura Vilasánchez Souto. Bacharelato. IES Martaguisela.

Malditas noites de inverno! -pensaba aquel vello duns oitenta anos tirado na cama sen poder durmir-. Aínda me lembro cando ía xogar a partida con Luís o da Xosefa e Pepe o Mouzas, aqueles si que eran homes. Aquela delgadeza do Luís facía que algúns o alcumasen o Varas, pero pasaba o día no bar de Antón, onde nos reuniamos para xogar, o pobre estaba botado á bebida; que grandes partida botabamos! Pepe pola contra era pequenote, regordete, e o seu mostacho facía que sempre nos estivésemos a mofar del. Ai, que tempos aqueles! Pero agora todos marcharon. Na aldea xa só quedamos uns poucos. Están Elisa e Xosé, uns irmáns solteiros que levan aquí dende sempre, e tamén dende sempre che foron moi raros, para min que esa é a razón de que non casase ningún dos dous.

Tamén están Lola e Pedro uns rapaces que chegaron hai pouco, teñen un meniño moi chusco e moi listo, pero case non saen, traballan fóra e cando veñen chegan cansos. Ademais o fillo ten que coller o transporte ás sete da mañá.


Agora síntome moi só, pero a quen máis estraño é a miña muller, Clara, a súa morte foi o peor suceso que tiveron que vivir. A pobriña caeu enferma de pulmonía, mira que lle dixen que aquel día non saíse, que chovía moito. Veu Don Marcial, o médico da vila, o meu amigo, o Mouzas, fora a chamalo. Fixo traer a penicilina dende Francia para ver se a curaba. A viaxe daquel medicamento foi lenta, os días facíanseme eternos pois vía sufrir a miña amada e non podía facer nada por curala. Cando lla inxectaron pensei que todo ía rematar, que se ía pór ben. Pero pasaban os días e Clara seguía empeorando. Don Marcial xa non sabía que facer por ela, aquel medicamento que supostamente era tan prodixioso e que me custara daquelas 4.000 reais non servía para a curación da miña esposa, a miña compañeira. Acudín a Meiga de Celnedo, tiveron que ía buscar no cabalo, foi un longo camiño, tres horas para ir e outras tres para voltar, pero a besta aturouno ben. Cando chegamos a meiga fíxome quedar fóra da casa, non me deixou pasar. Comentoume que lle dera unha beberaxe de herbas e que cando voltara de levala Clara xa ía estar curada. Ao meu regreso a muller que tanto amara parecía ida, o seu corpo aínda con vida daba a impresión de que fora abandonado pola súa alma, a súa cara denotaba morte. Enterrámola tres días despois; todo fora en van, nada puido salvar ao meu gran amor. Tiveron que aprender a vivir en soidade.

Penso nela cada noite, cando aínda eramos mozos e íamos paseando polo carballal, e o río, falabamos e ríamos... Clara era a moza máis fermosa que vira xamais, podía pasar horas a contemplala sen falar. A mellor anécdota da nosa mocidade era cando ía buscala á casa, como non podía petar na porta inventara un novo sistema. Os porcos estaban a carón da casa, sempre que chegaba retorcíalle a orella e este gruñía, era o sinal, Clara baixaba. O problema foi un ano cando compraron un porco que era medio mudo e por máis que lle retorcí a orella este non gruñía, ese ano paseino cantando para anunciar a miña chegada. Que de cousas vivimos xuntos, cantas lembranzas enchen esta cachola de vello.

Xa case é día, calquera outro ano estaríame erguendo para prepararme e ir á feira. Acudo a ela dende que con dez anos me levou por primeira vez o meu pai. Será o primeiro ano que non vaia, será o primeiro día seis que o traxe dos domingos quede gardado no armario sen que ninguén o poña. Esta maldita dor de cadrís que me mantén atado a cama coas pernas medio entumecidas vai a ser a miña perdición. De seguro que ao non verme na vila volverá a asistente social coa trécola de sempre : - “Lo que tiene que hacer es irse para una residencia”. Residencia, residencia, canta cuco, canta cuco, na rabiza do arado, canta cuco, canta cuco que aínda hei levantar o rabo.

OS EXAMES DE XAN

TODA A CLASE ESTÁ FACENDO UN EXAME.






A PROFESORA ESTÁ PREOCUPADA POR XAN, QUE SUSPENDE TODOS OS EXAMES.




VEUDO UUNHA PELÍCULA

UUNHA UUNHA CHAMADA SOCORRO, ESTABA VEUDO UUNHA PELÍCULA





Profesores do IES Martaguisela na despedida ó compañeiro José Antonio Madero




Manuel Martínez participando no maratón de lectura celebrado o 22 de abril de 2005 en homenaxe ó Quijote.



Alumnado do IES Martaguisela na concentración do 11 de marzo, en lembranza das vítimas do terrorismo.



Alumnado de 1º de Bacharelato do IES Martaguisela, na excursión a Londres realizada en febreiro de 2005.



**SE ESQUECES
O TEU CAMIÑO**



**LEMBRA AS
TUAS ORIXES**



GALEGO

DEIXA
MEDRAR
A TUA
FALA